

## **RESOLUCIÓN DO 29 DE XULLO DE 2024, POLA QUE SE FINALIZA O PROCEDEMENTO DE LIBRE DESIGNACIÓN DO POSTO DE SUBDIRECTOR XERAL DA INSTITUCIÓN DA VALEDORA DO POBO, CONVOCADO POR RESOLUCIÓN DO 5 DE XUÑO DE 2024.**

### **1. Antecedentes**

Por Resolución da Valedora do Pobo do 5 de xuño de 2024, aprobouse a convocatoria pública para a provisión, polo sistema de libre designación do posto de subdirector xeral da institución da Valedora do Pobo.

A convocatoria publicouse no Diario Oficial de Galicia n.º 115 e no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia n.º 39, ambos de 14 de xuño de 2024

### **2. Procedemento de convocatoria**

O procedemento administrativo que se desenvolve ten como finalidade a de valorar a formación e a experiencia profesional das persoas que concorren nel para poder valorar a adecuación da traxectoria de cada unha delas ao posto de traballo obxecto de provisión.

De conformidade co disposto no artigo 29.2 do Estatuto de persoal do Parlamento de Galicia, na convocatoria pública para a cobertura dos postos de libre designación debe indicarse a súa denominación, o nivel e localización do posto e os requisitos indispensables para o seu desempeño, como figuran no anuncio publicado.

O posto de Subdirector/a Xeral corresponde ao grupo A<sup>1</sup> (A1<sup>2</sup>), con nivel de complemento de destino 30, tal e como recollen a relación de postos de traballo da institución e as bases da convocatoria.

O posto convocado ten como sistema de provisión o de libre designación, de acordo coa vixente RPT, na que se exige estar en posesión da Licenciatura ou do Grao en Dereito.

A normativa básica en materia de función pública sinala que a libre designación con convocatoria pública consiste na apreciación discrecional polo órgano competente da

---

<sup>1</sup>Grupo de clasificación profesional de acordo co artigo 20 do Estatuto de persoal do Parlamento de Galicia.

<sup>2</sup>Grupo de clasificación profesional de acordo co artigo 42 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia.

idoneidade dos candidatos en relación aos requisitos exixidos para o desempeño do posto (art. 80.1 Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto básico do empregado público).

Trátase de postos que se caracterizan pola discrecionalidade e a confianza profesional na selección, que debe ser motivada.

A confianza que se predica nestes casos ten carácter eminentemente profesional e busca a selección do mellor perfil entre os posibles cara á consecución da maior eficiencia e eficacia na xestión das competencias que ten atribuídas, neste caso, a institución da Valedora do Pobo.

Para facer a selección entre as persoas solicitantes valorarase, a fin de decidir a preferencia dunha persoa funcionaria sobre outras, de acordo coas funcións que ten asignadas regulamentariamente o posto, a traxectoria profesional e a formación en relación coas mesmas.

### **3. Funcións do posto de Subdirector/a Xeral na institución da Valedora do Pobo**

De acordo co disposto no Acordo do 27 de maio de 2024 da Mesa do Parlamento de Galicia (Boletín Oficial do Parlamento de Galicia n.º 33, do 4 de xuño), polo que se aproba a relación de postos de traballo do Valedor do Pobo, as funcións do posto son as seguintes:

- a) Exercer a dirección técnica superior da análise, a investigación e a inspección das actividades da Autoridade Galega de Protección da Persoa Informante (AGPI).
- b) Recibir e analizar as solicitudes, as denuncias e as comunicacións presentadas ante a AGPI por persoas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas, órganos ou institucións de carácter público.
- c) Efectuar o tratamento e a análise da información de que teña coñecemento que sexa susceptible de dar lugar a actuacións de investigación, de acordo co disposto na Lei 2/2023
- d) Avaliar a verosimilitude das denuncias practicando as actuacións necesarias para iso e emitindo os informes que correspondan.

- e) Elaborar as propostas de inadmisión ou de iniciación de actuacións de investigación en materia de protección ao informante e a correspondente instrución do procedemento.
- f) Instruír os procedementos sancionadores de conformidade co establecido no Título IX da Lei 2/2023.
- g) Elaborar as propostas de conclusión ou a reapertura dos expedientes de investigación, así como realizar o seguimento das actuacións e recomendacións adoptadas.
- h) Elaborar estudos e propostas de actuación sobre aspectos relativos á estruturación, planificación, organización, métodos de traballo e de mellora da xestión dos procedementos administrativos da Autoridade Galega de Protección da Persoa Informante.
- i) Calquera outra función que, sendo análoga ás anteriores ou tendo carácter instrumental para garantir o correcto desempeño das funcións da institución da Valedora do Pobo, se lle asigne polos seus superiores xerárquicos.

A Autoridade Galega de Protección da Persoa Informante (AGPI), creada polo artigo 51 sexies da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, tras a modificación introducida pola Lei 10/2023, do 28 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, é un órgano colexiado adscrito á institución da Valedora do Pobo, que ten como funcións principais a adopción das medidas de protección previstas na Lei 2/2023, do 20 de febreiro, reguladora da protección das persoas que informen sobre infraccións normativas e de loita contra a corrupción, o estudo, instrución e toma de decisións sobre as informacións e comunicacións que se reciban de acordo coa dita Lei, a xestión da canle externa de comunicacións, o fortalecemento da cultura da información, dos mecanismos de promoción e defensa da integridade das organizacións e o fomento da cultura da información ou comunicación como mecanismo para previr e detectar ameazas en materia de fraude ou corrupción. Ten así mesmo, competencia en materia de incoación, tramitación e resolución dos procedementos sancionadores e a imposición de sancións polas infraccións tipificadas na Lei de protección da persoa informante.

O posto ofertado terá, por tanto, como funcións, a recepción, o estudo e a análise das comunicacións que se presentaren ante a Autoridade Galega de Protección da Persoa Informante (AGPI); a emisión dos informes e propostas, previa a tramitación que corresponder, que serán sometidos á consideración da Presidencia ou ao Pleno da

Autoridade, conforme as competencias que lle atribúe a Lei galega 10/2023, para a súa resolución sobre a súa inadmisión, admisión e, como consecuencia desta, a instrución do correspondente expediente, coa súa finalización mediante resolución de arquivo, remisión á fiscalía española ou europea, ao órgano administrativo competente e, se proceder, coa adopción de acordo de inicio e instrución de expediente sancionador, segundo as previsións da referida Lei 2/2023.

A finalidade principal da Lei 2/2023 é a de protexer fronte a posibles represalias, ameazas ou tentativas de represalias, as persoas que, nun contexto laboral ou profesional en administracións e entidades do sector público, institucións, empresas privadas, partidos políticos, sindicatos ou organizacións empresariais, detectaren infraccións do Dereito da Unión previstas na Directiva (UE) 2019/1937, do Parlamento Europeo e do Consello, do 23 de outubro de 2019, ou infraccións penais ou administrativas graves ou moi graves, e que as comunicaren mediante os mecanismos regulados nesa normativa. Tal protección esténdese a todas aquelas persoas que fixeren unha revelación pública nas condicións establecidas na mencionada lei e non obteñan esa información no marco dunha relación laboral ou estatutaria xa finalizada, voluntarios, traballadores en prácticas, en período de formación etc.; ás persoas que prestan asistencia aos informantes, ás persoas da súa contorna que puideren sufrir represalias, así como ás persoas xurídicas propiedade do informante, entre outras.

As posibles represalias que puideren sufrir estas persoas informantes poden producirse mediante a conculcación dos seus dereitos laborais por parte do presunto infractor, en forma de despedimento, suspensión da súa relación laboral, cambio de posto de traballo, de horario, redución de salario, referencias negativas na súa avaliación laboral ou danos reputacionais, entre outras. Por este motivo, deben valorarse especialmente nas persoas solicitantes do posto ofertado a súa formación, dedicación, experiencia ou especialización na emisión de informes, estudos e ditames de carácter xurídico-laboral.

Ademais, debe ser un criterio para a obtención do posto a experiencia na avaliación de denuncias ou comunicacións, que permita apreciar indicios constitutivos dunha eventual infracción, realizar unha verificación razoable da información recibida e unha determinación mínima do tratamento que deba darse aos feitos comunicados, o seu fundamento e a valoración da súa verosimilitude, para proporcionar a protección necesaria á persoa informante que, de boa fe, informa co convencemento de que se produciron ou se poden producir feitos graves e prexudiciais, en

contraposición ás actuacións que resulta indispensable excluír da protección, por comunicar informacións falsas o terxiversadas ou obtidas de maneira ilícita. A análise inicial das denuncias e comunicacións, as conseguíntes actuacións nos trámites de instrución dos expedientes, a motivación das propostas de resolución, actuacións que corresponden á persoa que ocupe o posto de Subdirector/a Xeral, van ser elementos clave para que o Pleno da Autoridade poida decidir con garantías sobre a admisibilidade ou non das comunicacións presentadas e o posterior tratamento que se les deba dar.

A normativa en materia de protección á persoa informante dá especial importancia ao tratamento de datos persoais que leven a cabo nas canles de comunicación externas e nos supostos de revelación pública, co obxecto de garantir plenamente o dereito á protección de datos e, en particular, da identidade dos informantes e das persoas investigadas pola información fornecida, polo que a formación e experiencia neste campo debe ser tamén obxecto de valoración entre as persoas solicitantes do posto.

De acordo co anterior, será relevante para a designación da persoa candidata a ocupar o posto a formación, especialización e experiencia profesional en dereito laboral, nas relacións de traballo e profesionais, tutela fronte a represalias, tutela de dereitos fundamentais, instrución e valoración de procedementos contraditorios, dereito de defensa, dereito sancionador e dereito da Unión Europea, intereses financeiros da Unión Europea e mercado interior, e infraccións penais e administrativas.

#### 4. Solicitudes

Tal e como figura no correspondente expediente, á convocatoria presentáronse en prazo as seguintes solicitudes:

Numero	Nº Rexistro	Data Entrada	Remitente
1	16117/24	18/06/2024	[REDACTED]
2	16239/24	20/06/2024	[REDACTED]
3	16270/24	21/06/2024	[REDACTED]
4	16378/24	25/06/2024	[REDACTED]
5	16463/24 e 16587/24	28/06/2024	[REDACTED]
6	16488/24	28/06/2024	Ricardo Pedro Ron Latas
7	16524/24	01/07/2024	[REDACTED]
8	16536/24	01/07/2024	[REDACTED]

9	16664/24	04/07/2024	[REDACTED]
10	16696/24	05/07/2024	[REDACTED]
11	16710/24	05/07/2024	[REDACTED]
12	16737/24	08/07/2024	[REDACTED]
13	16741/24	08/07/2024	[REDACTED]
14	16820/24	09/07/2024	[REDACTED]

Todas as persoas solicitantes cumpren o requisito de seren persoal funcionario de carreira pertencente ao grupo A1, (artigo 10 da Lei 6/1984, de 5 de xuño, do Valedor do Pobo) e de estaren en posesión do título de Grao ou Licenciatura en Dereito, de acordo cos currículos e documentación achegada.

## 5. Resumo das traxectorias das persoas candidatas

Das solicitudes, os currículos e a documentación achegada polas persoas aspirantes faise a seguinte análise sobre a súa traxectoria profesional e formación en relación ás funcións do posto ao que concorren.

### 5.1. [REDACTED]

É funcionario do Corpo Superior de Administración Xeral da Xunta de Galicia (A1) desde o ano 1993, do Corpo de Xestión da Xunta de Galicia (A2) e funcionario da Administración local con habilitación de carácter nacional (subescala secretaria-intervención).

Como experiencia profesional na Administración, indica no seu currículo que foi secretario-interventor en Porqueira (83-86); director do gabinete do conselleiro de Sanidade (86-87); xefe de Sección de Recursos Xurídicos da Consellería de Sanidade (88-90); xefe de Sección de Ordenación Normativa da Consellería de Sanidade (90); xefe de Servizo de Inspección, Documentación e Ordenación Normativa da Consellería de Sanidade (90-94); xefe de Servizo de Réxime Interior da Consellería de Sanidade e Servizos Sociais (94-96); subdirector xeral de Avaliación e Coordinación da Secretaría Xeral do Sergas (96-98); subdirector de Programas da Dirección Xeral de Xuventude da Consellería de Familia, Promoción de Emprego, Muller e Xuventude (98-06); inspector do Xogo na Consellería da Presidencia, Administración Pública e Xustiza (08-09); director xeral da Academia Galega de Seguridade Pública (09-12); xefe de Área de Prevención e Minimización de Residuos da Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental (12-13), e subdirector xeral de Xestión Económico-Administrativa e do Retorno da Secretaría Xeral de Emigración

(14-21). Na actualidade, está á disposición da Secretaría Xeral de Emigración na Consellería de Emprego, Comercio e Emigración.

É licenciado en Dereito.

Canto á demais formación relevante en relación ao posto, achega título de técnico superior en prevención de riscos laborais, especialidade seguridade; “Seminario de estudos da defensa nacional”, e diploma de directivo da Xunta de Galicia.

## 5.2. [REDACTED]

É funcionario do Corpo Superior de Administración Xeral da Xunta de Galicia (A1) desde o ano 1993. Anteriormente foi interino no mesmo corpo e persoal laboral temporal do grupo I do CC da Xunta de Galicia.

Na súa experiencia na Administración, foi contratado laboral temporal na Subdirección Xeral do Xogo (1988-91); contratado mediante asistencia técnica para a realización de repertorio do rexistro de empresas de xogo (1991-92), e funcionario interino na Delegación Territorial da Consellería de Traballo e Servizos Sociais, en prestacións non contributivas (1992-93). Como funcionario de carreira foi posto base na Subdirección Xeral de Réxime Xurídico e Relacións Laborais, Servizo de Réxime Xurídico e Recursos (1993-96), xefe de Sección de Incompatibilidades na Dirección Xeral da Función Pública (1996); xefe de Sección de Persoal Funcionario na Secretaría Xeral da Consellería da Presidencia e Administración Pública (1996); xefe de Sección de Incompatibilidades na Subdirección Xeral de Réxime Xurídico e Relacións Laborais na Dirección Xeral da Función Pública (1996-98); subdirector xeral de Réxime Xurídico e Relacións Laborais na Dirección Xeral da Función Pública (1998-02); xefe de Servizo de Xestión Administrativa no Instituto Lácteo e Gandeiro de Galicia (2002); secretario da Delegación da Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais na Coruña (2003-05); xefe de Sección de Seguridade e Saúde Laboral na Dirección Xeral de Relacións Laborais da Consellería de Traballo (2005); subdirector xeral de Persoal e Coordinación na Secretaría Xeral da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar (2005-09); subdirector xeral de Persoal na Secretaría Xeral da Consellaría de Traballo e Benestar (2009); xefe de Sección Xurídica do Consello Galego de Relacións Laborais (2009); xefe de Servizo de Xestión de Persoal na Secretaría Xeral Técnica e do Patrimonio na Consellería de Facenda (2010-16); xerente da Universidade da Coruña (2016-24); xefe de Servizo de Apoio no Tribunal Administrativo de Contratación Pública (2024), e, desde 1 de maio de

2024 ata a actualidade, director xeral de Recursos Humanos do Concello de Pontevedra.

Está en posesión da Licenciatura en Dereito.

Como formación complementaria achega formación superior en dereito da organización e procedemento administrativo (2008); diploma da inspección de servizos (1995); diploma de directivos da Xunta de Galicia (1999); “Cadros de mando e xestión por indicadores, formación de formadores” (2000); “Xestión orzamentaria” (2003); “Prevenición de riscos laborais” (2008); “Potestade sancionadora” (2009); “Aplicacións informáticas” (2011); “Curso sobre o estatuto básico do empregado público superior de relacións laborais” (1998), e “Contratación administrativa e dereito comunitario”.

Impartiu docencia no módulo de xestión de persoal nos cursos de perfeccionamento de xefes de sección (EGAP, 95-02); no curso de xestión de persoal (EGAP); no curso sobre normativa laboral e negociación colectiva; nos cursos selectivos para os aspirantes ao acceso ao Corpo Superior da Administración Xeral da Xunta de Galicia; no Máster de Dirección e Xestión de Programas e Centros Xerontolóxicos Socio-Sanitarios (Universidade de Vigo); en dúas conferencias na disciplina de Dereito Laboral II (Escola de Relacións Laborais da Universidade da Coruña), e no Máster en Xestión Pública da Facultade de Ciencias Políticas e Sociais da Universidade de Santiago de Compostela.

### **5.3.** [REDACTED]

É funcionaria de carreira no Concello de Barbadás, na categoría de directora de centro empresarial (Grupo A1), desde o ano 2006 e desenvolveu a súa actividade profesional na Confederación de Empresarios de Ourense entre os anos 2003 a 2005, en labores de asesoría xurídica de empresas e asociacións.

É licenciada en Dereito, graduada en Ciencias Políticas e da Administración e cursou o Máster en Políticas Comunitarias e Cooperación. Realizou o seu Traballo Fin de Grao sobre goberno aberto e transparencia na Xunta de Galicia.

Canto á súa formación complementaria, ten o título de técnico superior en prevención de riscos laborais, especialidade seguridade no traballo (2005); experto universitario en formación de formadores en transparencia e acceso á información pública (2017); técnico en dirección e xestión de recursos humanos na Administración pública

(2012); programa executivo en liderado público (2015/2016); medio de linguaxe administrativa galega (2020); procedemento administrativo local na Lei 39/2015 (2020); diploma Axenda 2030 (2020); diploma “*The Future Europe: Next Generation*. EU e fondos do novo MFP” (2021); “Intelixencia artificial e automatización na xestión pública local” (2021); “A xestión dos plans antifraude nos fondos NGEU” (2022); experto municipal en asesoramento a emprendedores (2020); “Creatividade e innovación na Administración en relación coas redes sociais” (2018); diploma “*Big Data* e transformación dixital” (2019); “Sensibilización en igualdade de oportunidades” (Instituto da Muller, 2019); “Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público” (2018); “Igualdade de oportunidades no ámbito do emprego” (2016); “Aplicación práctica no ámbito dos servizos sociais” (2016); “Actualización na normativa básica de Administración local” (2016); “Xestión de informática básica” (2016); “Aplicacións informáticas para presentacións gráficas” (2016); “Aplicacións informáticas de bases de datos relacionais” (2016); “Aplicacións informáticas de follas de cálculo” (Microsoft Excel, 2015); “Aplicacións informáticas de tratamento de textos” (Microsoft Word, 2015); “Sistema operativo, procura da información: Internet/Intranet e correo electrónico” (2014); “Claves da aplicación da lei de contratos do sector público na esfera local” (2013); “Xestión da actividade subvencional no eido local” (2013); “Sistema institucional, o ordenamento xurídico e a estrutura institucional da Unión Europea” (2013); “Responsabilidade patrimonial do persoal ao servizo das Administracións públicas” (2013); “Xestión e tramitación de expedientes administrativos na Administración local” (2010); “Técnicas e estratexias de atención ao cidadán na Administración pública” (2009); “Políticas económicas da Unión Europea (2009); “Institucións da Unión Europea” (2009); “Xestión eficaz do tempo” (2013); “Como organizar reunións eficaces” (2009); “Iniciación ao protocolo oficial e institucional” (2010); “Comercio exterior” (2010); “Habilidades directivas” (2010); “Proceso de negociación” (2010); “Protección de datos de carácter persoal” (2010); “Introdución á franquía” (2003); “Inglés. Nivel intermedio” (2009); “Internet na empresa e correo electrónico” (2004); certificado galego de competencias dixitais en ofimática (2016); “Dirección de equipos e resolución de problemas” (2004); “Transparencia nos parlamentos” (2016); ponencia sobre metodoloxía *design thinking* aplicada ao fomento da transparencia no sector público (2017), e consultora-formadora da Fundación INCYDE nas especialidades de creatividade, innovación e transferencia tecnolóxica e en igualdade de oportunidades desde 2017.

#### 5.4. [REDACTED]

É Funcionario do Corpo Superior da Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia (A1) desde 2017, do Corpo de Xestión da Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia (Subgrupo A2) e do Corpo de Xestión da Administración Civil do Estado (Subgrupo A2) desde 2005.

Como experiencia na Administración, desempeñou o posto de xefe de Servizo do Rexistro de Comunidades Galegas na Secretaría Xeral de Emigración (2005); xefe de Servizo de Tramitación de Axudas na mesma Secretaría (2009); xefe de Servizo de Xestión Económica e Contratación na Secretaría Xeral Modernización da Presidencia da Xunta de Galicia (2010); xefe do Departamento de Contratación na mesma secretaria (2012); xefe de Servizo de Control Económico Contractual na Consellería de Traballo e Benestar (2013); xefe de Servizo de Contratación e Control Económico Contractual na Consellería de Política Social (2016), e xefe de Servizo de Seguimento e Coordinación Orzamentaria na Consellería de Economía, Emprego e Industria (2017), ocupando desde o mes de xullo de 2020 ata a actualidade o posto de subdirector xeral de Promoción da Autonomía Persoal na Consellería de Política Social (na actualidade, Consellería de Política Social e Igualdade).

É Licenciado en Dereito e cursou o Posgrao de Especialista en Dirección e Xestión de Empresas pola Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais da Universidade de Santiago de Compostela.

Canto á formación complementaria, acredita a realización de “Seminario de contratación pública sobre compra pública innovadora” (2014); curso sobre as novas leis de procedemento administrativo común e réxime xurídico do sector público (2016); “Estatuto básico do empregado público” (2013); “Xestión empresarial, contabilidade informatizada” (1998); “Curso de custo das operacións e servizos bancarios” (AFIGAL); “Control de axudas publicas” (EGAP), e “A intervención publica na economía europea” (EGAP). Ademais, conta con formación en competencia dixital en ofimática; “Plan formativo ofimática de Galicia” (EGAP); “Aplicacións informáticas de tratamento de textos” (2013); “Sistema operativo Internet/Intranet e correo electrónico” (2013); “Aplicacións informáticas de tratamento de textos Open Office (2013); “Aplicacións informáticas de follas de cálculo” (2013); “Sistema operativo, busca de información, Internet/Intranet e correo electrónico” (2013); “Aplicacións informáticas de bases de datos relacionais” (2013), e “Aplicacións informáticas para presentacións gráficas de información” (Microsoft Office).

No que respecta aos idiomas, posúe o nivel 2 de lingua inglesa na Escola Oficial de Idiomas da Coruña e o “Curso superior de linguaxe administrativa galega”.

**5.5.** [REDACTED]

É funcionaria do Corpo Superior da Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, subgrupo A1, e do Corpo de Xestión da Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, subgrupo A2, ambas desde xaneiro de 2021.

Na súa condición de funcionaria, estivo adscrita de forma provisional ao posto base, subgrupo A1, na Consellería de Política Social (xaneiro de 2021 a febreiro de 2022); adscrita de forma provisional ao posto de xefatura de Sección de Apoio Técnico na Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (marzo a xuño de 2021); adscrita provisional á xefatura de Sección Xurídica na Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación (de xuño de 2024 a novembro de 2021); en comisión de servizos á xefatura do Servizo de Planificación e Xestión de Programas do Retorno na Secretaría Xeral da Emigración, Presidencia da Xunta de Galicia (de xaneiro a setembro de 2022); en comisión de servizos á xefatura de Sección Xurídica no Servizo Técnico Xurídico da Consellería de Economía, Industria e Innovación (de setembro de 2022 a novembro de 2023), e, desde xaneiro de 2023, en comisión de servizos na xefatura de Servizo de Apoio Técnico na Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Economía e Industria.

Con anterioridade á adquisición da súa condición de funcionaria exerceu como avogada (xaneiro de 1994 a xullo de 1995) na Comisión Liquidadora de Entidades Aseguradoras e letrada da quenda de oficio; asesora da Consellería de Familia e Promoción do Emprego, Muller, Xuventude (febreiro de 1998 a maio de 2024 de 2022); xefa do gabinete da Conselleira de Familia, Xuventude, Deporte e Voluntariado (maio 2002 a agosto 2005); técnica de responsabilidade social corporativa, comunicación e relacións públicas nos servizos centrais de Caixanova/Abanca (decembro de 2005 a abril de 2009); directora do Gabinete da Presidencia do Parlamento de Galicia (abril de 2009 a decembro de 2012), e técnica coordinadora na Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas (agosto a novembro de 2014).

É licenciada en Dereito.

Respecto á súa formación complementaria, acredita formación en transparencia (2024); “Introdución á UE e ao seu dereito” (2024); “Sistema de integridade institucional da Xunta de Galicia” (webinario, 2024); “Revisión dos actos en vía administrativa” (2023); “Directrices de técnica normativa” (2022); “Lei reguladora da acción exterior e da cooperación para o desenvolvemento de Galicia” (webinario, 2022); “Lei de impulso demográfico de Galicia” (webinario, 2022); “Protección de datos persoais” (2021); “Lei de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia” (webinario, 2019); superior de responsabilidade patrimonial da Administración pública (2021); “Responsabilidade patrimonial da Administración” (2021); “Lei de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia” (2021); “Lei de réxime xurídico do sector público” (2021); “Powerpoint” (2010); “Folla de Cálculo Excel básico” (2010), e “Contabilidade e finanzas para directivos non financeiros” (2008).

Acredita nivel avanzado de inglés *Certificate of Proficiency in English, Grade A* (Universidade de Cambridge, 1996), Francés C1 (EGAP, 2021) e “Curso superior de linguaxe administrativa galega” (75 h, EGAP, 2022).

## **5.6. Ricardo Pedro Ron Latas**

Foi Profesor Asociado T3 no Departamento de Dereito Público Especial da Universidade da Coruña (2000), e profesor titular interino no mesmo departamento (2001-2003), así como profesor titular a tempo completo (Co8), da área de coñecemento de Dereito do Traballo e da Seguridade Social, no Departamento de Dereito Público, desde maio de 2003 ata a actualidade. Impartiu docencia nos graos en Dereito, en Ciencias Empresariais, en Ciencias Económicas e en Relacións Laborais, en materia de dereito do traballo, relacións xurídico laborais da empresa, dereito empresarial, seguridade no traballo e acción social da empresa, resolucións de conflitos no ámbito laboral, ámbito xurídico da prevención, dereito procesual-laboral e procedemento laboral e sancionador.

Impartiu docencia no Máster en Dereito Comunitario (Facultade de Dereito da Universidade da Coruña), dirixiu Traballos de Fin de Máster e foi vogal na comisión de avaliación destes. Impartiu docencia no Máster de Asesoramento Xurídico-Empresarial da Universidade da Coruña (materias de dereitos fundamentais nas organizacións empresariais, ilícitos penais, administrativos e laborais) e en diversos cursos de doutoramento, entre os que destaca o relativo ás liberdades públicas e dereitos fundamentais.

Foi membro-vocal do CAPD en Relacións Laborais e Recursos Humanos da Universidade da Coruña; membro do Comité de Seguridade e Saúde da UDC (desde xullo de 2007); membro dos grupos departamentais de Calidade da UDC (desde xullo de 2004); secretario do Departamento de Dereito Público Especial (entre 2004 e 2009); membro do Instituto Universitario de Estudos Europeos Salvador de Madariaga, especializado no ámbito das relacións internacionais, en particular, no referente ao proceso de integración europea e á participación da Comunidade Autónoma de Galicia, e membro do Consello do Instituto de Estudos Avanzados da Universidade Adam Mickiewicz de Poznań (Polonia), que ten como obxectivo promover a investigación interdisciplinar, desde a perspectiva das ciencias xurídicas, sobre as relacións entre o home e a sociedade e o mundo da socioloxía, a filosofía e a psicoloxía.

É maxistrado suplente da Sala do Social do Tribunal Superior de Galicia, desde o ano 2006 de forma ininterrompida ata a actualidade, sendo relator en 4429 recursos de suplicación e 17 procedementos de instancia, ditando sentenzas referidas a infraccións e sancións en materia de Seguridade Social de beneficiarios de prestacións, infraccións e sancións en materia laboral e de Seguridade Social de empresas, liberdade de expresión, non discriminación e principio constitucional de igualdade de trato, dereito á integridade física e moral, liberdade ideolóxica e de culto, dereito á honra, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe.

Foi membro do Servizo de Información e Asesoramento Xurídico e Social da Fundación Paideia (1993-2000), membro da comisión de avaliación do “III Curso selectivo de ingreso na función pública galega do persoal de prácticas do Grupo A” e vogal do proceso selectivo para a elaboración dunha lista temporal para postos de administrador/a da Deputación da Coruña.

Publicou libros de autoría individual en materia de incompatibilidade de pensións (2000), sindicatos horizontais (2003), a empresa familiar no dereito do traballo (2011) e, con outros autores, sobre o contrato de traballo internacional (2013), sistema de dereito procesual laboral (2015), a independencia xudicial (2015), o recurso de suplicación (2016), independencia xudicial na historia constitucional de España (2017), protección da saúde laboral das persoas traballadoras especialmente sensibles a determinados riscos (2018), sistema de dereito procesual laboral (2019), compatibilidade da pensión de xubilación co traballo autónomo (2019), pacto de permanencia na empresa (2020), a protección laboral fronte ás represalias pola denuncia de irregularidades na empresa —*Whistleblowing*— (2020), o pacto de plena

dedicación e a prohibición de concorrencia desleal, (2021), os pactos típicos do contrato de traballo (2021), “Traballo a distancia e teletraballo. Regulación laboral, procesual e de seguridade social” (2022), e Sistema de dereito procesual laboral (2024).

Así mesmo, ten publicadas achegas a obras colectivas como Cinco problemas relativos ao recoñecemento extraxudicial dos despedimentos (1997); Responsabilidades e a súa compatibilidade, sancións en comentarios á Lei de prevención de riscos laborais (1998); Notas sobre a natureza xurídica das compensacións por dereitos de imaxe do deportista profesional (1999); A relación laboral especial dos representantes de comercio na xurisprudencia do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (2001); Ámbito do contrato de traballo (2001); Comentarios ás leis laborais (2001); Indemnización por despedimento colectivo, tutela xudicial efectiva e igualdade na aplicación da lei (2002); A lexitimación para negociar e as relacións colectivas no contido dos convenios colectivos de grupos de empresas (2003); O reintegro de gastos por asistencia sanitaria prestada nun Estado membro da Unión Europea (2007); Lección de dignidade. Precariedade laboral como causa de conflitos sociais (2009); Evolución Histórica dos sistemas da Seguridade Social (2010); Aspectos xerais das prestacións económicas da Seguridade Social (2011); A incapacidade permanente (2011); Prestacións familiares de carácter contributivo e non contributivo(2011); A protección social das vítimas de violencia de xénero (2012); As modalidades procesuais de despedimentos e sancións, da reclamación ao Estado do pago de salarios de tramitación en xuízos por despedimento e de extinción do contrato por causas obxectiva (2015); Teletraballo, o traballo a domicilio e o traballo a distancia no dereito español (2015); Acceso ao emprego. Interposición e Mediación. O Traballador Estranxeiro (2015); Seguridade Social de Traballadores do Mar (2016); Tratamento xudicial do despedimento das persoas con discapacidade (2018); Control da actividade laboral a través de tecnoloxías da información e a comunicación: a situación en España (2018); Comentarios á Lei reguladora da xurisdición social (2020); Os dereitos colectivos das persoas que traballan a distancia (2021); Tutela das vítimas de violencias sexuais no ámbito da protección social (2023); O traballo a distancia na Real Decreto-Lei 28/2020 (2021); Mecanismos de tutela fronte á discriminación no ordenamento xurídico laboral (2022); Crónica da xurisprudencia do Tribunal Constitucional sobre igualdade (2021 e 2022), e A Lei 2/2023, do 20 de febreiro, e a protección laboral fronte ás represalias pola denuncia de irregularidades na empresa,(2023).

Ten elaboradas notas a sentenzas da Sala do Social do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia publicadas na Revista Xurídica (2001) e elaborou, en coautoría, repertorios de Xurisprudencia de recompilación, ordenación, anotación e índices de Xurisprudencia Social do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, ano 1991, xaneiro-abril 1992, e ano 1996, artigos sobre á extinción do contrato do traballador inválido (1999), apuntamentos sobre o novo contrato de traballo a tempo parcial (1999), As cláusulas de rescisión (1999), A polémica das pensións non contributivas (1999), As novidades en materia de Seguridade Social introducidas pola Lei 39/99 (2000), A responsabilidade penal derivada de accidente de traballo (2000), acordo para a mellora e o desenvolvemento do sistema de protección social (2001), consideracións sobre a recente folga dos pilotos (2001), xubilación gradual e flexible (2002), Unha mirada aséptica ao Decretazo (2002).

Dirixiu teses doutorais sobre o principio de igualdade de mulleres e homes, en especial, no dereito do traballo e da seguridade social (2013), a nulidade de actuacións no recuso de suplicación (2015) e o mutualismo xudicial, acción protectora da MUGEJU (2019).

Participou en proxectos de investigación sobre desenvolvemento e protección dos dereitos fundamentais e de Seguridade Social da Unión Europea e á violencia de xénero, Recompilación da xurisprudencia do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (1993); As competencias laborais e de Seguridade Social da Comunidade Autónoma de Galicia, (1995/1996); A protección laboral e de Seguridade Social dos emigrantes galegos (1996); Persoal estatutario ao servizo das institucións sanitarias da Seguridade Social (1998/1999); A administración única e a súa proxección sobre as competencias laborais e de Seguridade Social (1999); As relacións laborais e de Seguridade Social en sectores estratéxicos para Galicia (2001); O desenvolvemento e protección dos dereitos fundamentais e de Seguridade Social da Unión Europea polos ordenamentos internos xuridicamente máis significativos (2007-2010); Dereito comparado do Traballo e da Seguridade Social, europeo e norteamericano (2009), A violencia de xénero como problema social e cultural: puntos críticos desde o dereito do traballo (2013), Análise xurídica do teletraballo no dereito español e comparado (2013-2016), e *Big Data*, Competencia e Protección de datos (2022).

Acredita relatorios sobre diversos temas entres os que destacan os referentes á desistencia durante o período de proba cualificables como despedimento (1997); a relación laboral especial dos representantes de comercio na xurisprudencia do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (1999); despedimento por causas obxectivas

(2001); os alicerces sociais da Unión Europea (2017); a responsabilidade penal nos grupos de empresa (1998); sucesión no persoal como un suposto de transmisión de empresa (2008); protección social das vítimas de violencia de xénero (2011); riscos psicosociais, prevención de riscos laborais e autonomía colectiva (2013); teletraballo, traballo a distancia, traballo a domicilio (2015); novas tecnoloxías e novas maneiras de traballar individualmente (2016); aproximación xeral á normativa sobre protección de datos e a súa aplicación aos datos relativos á vixilancia dos traballadores (2018), e a recente reforma do teletraballo e da garantía dos dereitos dixitais en España (2022).

Acredita cursos e seminarios impartidos en materia de comunicación sobre os salarios de tramitación a cargo do Estado (1993); a nova regulación dos salarios de tramitación na reforma laboral (1994); a nova normativa laboral (1995); puntos críticos sobre a reforma das prestacións de Seguridade Social (1995); a negociación colectiva na Unión Europea (1996); docencia no “Curso de especialización en contratos laborais” (1996); invalidez e xubilación (1996); puntos críticos sobre a reforma das prestacións de Seguridade Social (1996); docencia no I Máster en Dereito de Empresa (1997); docencia no “Curso de prevención de riscos laborais” (1997); relatorio sobre Contrato de interinidade e período de proba na contratación laboral (1997); comunicación sobre as modificacións de Seguridade Social na lei de Acompañamento de 1998 (1997); docencia no curso de Posgrao en Dereito Xudicial (1998), relatorio e mesa redonda sobre a protección social nos contratos para a formación (1998); docencia no II Máster de valoración de discapacidades e do dano corporal (1999 e 2011-2012); docencia no Máster en Estudos da Unión Europea (edicións de 1999 a 2006); docencia no curso de Posgrao en institucións xurídicas de actualidade e o seu tratamento xurisdiccional (1999); relatorio e mesa redonda sobre a estrutura do salario (1999); docencia sobre o dereito das organizacións e o marco das relacións laborais (1999); relatorio sobre a responsabilidade penal do empresario derivada de accidente de traballo (2000); docencia sobre relacións laborais e de Seguridade Social (2000); lección sobre as prestacións por morte e supervivencia en “Curso de especialización en práctica laboral” (2000); relatorios sobre a política social europea (2001); relatorio sobre composición e características da forza laboral na pesca, modalidades contractuais, regulamentacións e ordenanzas de traballo no mar en curso de Posgrao Especialización en Economía Pesqueira (2001); lección sobre prestacións non contributivas de Seguridade Social (2002); Lección sobre réxime común das prestacións en “Curso de especialización en práctica xurídico-laboral” (2002); relatorio sobre folga e conflitos colectivos (2002); docencia sobre Lei

de prevención de riscos laborais no “Curso de diplomado en enfermería de empresa” (2002, 2003 e 2005); docencia en cursos de formación continuada para xuíces e maxistrados da Comunidade Autónoma de Galicia sobre materias laborais e de Seguridade Social (anos 2007, 2010 e 2015 a 2019); “Encontro de xuíces e maxistrados da Orde Social” (2007); docencia no III Máster de Valoración de Discapacidades e do Dano Corporal (2004); relatorio sobre Sr. Lexislador, ou como aprendiz a deixar de preocuparme e apreciar os seus despropósitos (2005); docencia no I e II Máster en Economía e Xestión da Pesca e a Acuicultura (2006 a 2008); docencia sobre relacións laborais e de Seguridade Social en curso de Posgrao sobre Dirección de Recursos Humanos (2007 a 2009); relatorio sobre novidades máis significativas no ámbito das prestacións por morte e supervivencia (2008); conferencia sobre a convención e as súas consecuencias no ámbito xurídico-laboral (2009); docencia no curso de formación continuada para xuíces e maxistrados da Comunidade Autónoma de Galicia sobre reforma do proceso laboral (2010); conferencia sobre cesión ilegal, despedimento e modificacións das condicións de traballo (2011); relatorio sobre competencia dos órganos xurisdicionais da orde social e procedemento ordinario (2011); relatorio sobre a administración pública empregadora (2012); mesa sobre os problemas aplicativos da Lei da xurisdición social e o tratamento dos recursos (2012); conferencia sobre flexibilidade interna (2012); mesa sobre a extinción do contrato de traballo e a flexibilidade interna (2013); relatorio sobre a Lei da xurisdición social desde a perspectiva doutrinal (2013); docencia en seminario sobre cuestións actuais do novo marco regulador das relacións laborais na CRTVG (2014); conferencia sobre turismo sanitario (2015); docencia no 2.º “Curso de igualdade de xénero” (2020); relatorio sobre o recoñecemento das enfermidades profesionais (2022), e relatorio sobre xurisprudencia sobre negociación colectiva (2022).

Respecto a cursos e seminarios recibidos, acredita “Curso de especialización en dereito galego (1994); “Xornadas sobre Dereito Social Comunitario” (1992) e sobre o proceso Contencioso-Administrativo (1994).

Realizou estancia predoutoral de investigación e docencia no Departamento de Dereito do Traballo da Universidade Nacional de Mar de Plata (Arxentina, 1994); estancia predoutoral de investigación e docencia no Departamento de Dereito do Traballo da Universidade Nacional do Litoral da Cidade de Santa Fe (Arxentina, 1995), e estancia posdoutoral de investigación, como *Visiting Scholar*, no Departamento de Dereito do Traballo da *Katholieke Universiteit Leuven* (Bélxica, 2001).

**5.7.** [REDACTED]

É funcionario do Corpo Superior de Administración Xeral da Xunta de Galicia (A1) desde o ano 1993.

Ten experiencia profesional como letrado asesor en servizos centrais da Xunta de Galicia (1995); asesor xurídico delegado na Consellería de Cultura e Comunicación Social (1996); subdirector xeral de Protección do Patrimonio Cultural (1997); xefe do Servizo de Xogo (2005); xefe de Servizo de Réxime Xurídico e Recursos da Dirección Xeral da Función Pública (2008); subdirector xeral de Centros na Consellería de Cultura e Educación (2009); xefe de gabinete da Alcaldía de Santiago de Compostela (2012-2014), e, na actualidade, xefe do Servizo de Fianzas e Xestión de Tributos Locais no IGVS.

Está en posesión da Licenciatura en Dereito e do diploma de directivo da Xunta de Galicia (1997), realizando cursos de Posgrao de Especialista en Patentes, Marcas Dereitos de Autor e da Competencia (2005), Posgrao de Especialista en Dereito Tributario (2005) e Posgrao de Especialista en Dereito do Consumo (2006). Outrosí, ten publicados distintos artigos e traballos en materia de patrimonio cultural.

Como formación complementaria, acredita formación en tramitación administrativa electrónica (2022); procedemento administrativo e réxime xurídico das Administracións Públicas, superior do dereito de organización e procedemento administrativo (2008), superior sobre as Leis 39/2015 e 40/2015 (2016); estatuto básico do empregado público (2008); dereito penal administrativo (2009); sancionador (2023); ofimática (Excel, Word, Access, Powerpoint, LibreOffice), superior de relacións laborais (1996); prevención de riscos laborais (2008); especialización en dereito contencioso-administrativo (1996-1997); procedemento administrativo sancionador (2007); superior de urbanismo (1999); transparencia activa e pasiva e acceso á información pública (2018); igualdade de xénero e perspectiva xurídica (2015); violencia de xénero (2019); deseño e avaliación de políticas públicas con perspectivas de xénero (2017), e planificación estratéxica na xestión pública.

Foi vocal profesional do comité de avaliación externa de varios servizos das Universidades da Coruña e de Vigo(2005); profesor-colaborador na Academia Galega de Seguridade en curso sobre medidas de protección do medio ambiente natural (1996) e dereito constitucional (1998), actualización para membros da Unidade do

CNP adscrita á Comunidade Autónoma de Galicia (2004 e 2006) e no curso sobre inspección e control policial do xogo (2007); relator en cursos en materia de patrimonio (1998 e 1999); profesor-colaborador da USC no curso de posgraio sobre administración financeira e tributaria (2000); coordinador das xornadas sobre urbanismo e rehabilitación do patrimonio (2000); profesor-colaborador da EGAP en curso de inspección turística (2000); relator e participante en mesas redondas en distintos cursos sobre patrimonio histórico, e profesor-colaborador da EGAP, impartindo ou titorizando 29 cursos de contratación pública e 28 cursos de procedemento administrativo desde o ano 1995.

## 5.8. XXXXXXXXXX

É funcionario do Corpo Superior de Administración Xeral da Xunta de Galicia (A1) desde 1993, no que ocupou o posto de xefatura da Sección de Xestión Xurídica e Explotación (30 de xaneiro 1993), xefatura do Servizo de Contratación e Expropiacións na Dirección Xeral de Obras Públicas (desde o 1 de febreiro ata o 14 de decembro de 1993) e de subdirector xeral de Coordinación Administrativa e Control Orzamentario na Consellería de Ordenación do Territorio e Obras Públicas (do 15 de decembro de 1993 ao 6 de abril de 1994); inspector de servizos na Consellería de Presidencia e Administración Pública (do 7 de abril de 2024 de 1994 a 13 de xullo de 2000), e subdirector xeral de Administración local (do 22 de decembro de 1999 ao 13 de xullo de 2000).

É técnico de Administración xeral do Concello da Coruña (A1), no que ocupou entre o 14.07.2000 e o 16.02.2012 os postos de xefe do Servizo de Persoal, coordinador de servizos centrais e director de Facenda, Interior e Servizos xerais.

Foi xerente da Universidade da Coruña (2012-2016); deputado autonómico (2016-2019); concelleiro delegado de Urbanismo, Vivenda, Infraestruturas e Mobilidade no Concello da Coruña (2019-2022); xefe do Departamento de Xestión de Residuos do Concello da Coruña, e, desde abril de 2023, técnico superior de dirección da Área de Economía e Planificación Urbana do referido concello.

Foi profesor-colaborador nos cursos selectivos para o acceso ás subescalas de Secretaría-Intervención e de Intervención-Tesouraría de Administración Local (2001 a 2004); director do curso de Recursos Humanos (EGAP, 2007), e docente no “I Curso sobre a función directiva na USC” (2022-2023).

### 5.9. [REDACTED]

Funcionaria do Corpo Superior da Administración da Xunta de Galicia (A1) desde xaneiro de 2021, no que ocupou o posto de xefa de Sección de Xestión Ambiental na Consellería de Medio Ambiente (xaneiro-xullo de 2021); xefa de Área de Prevención e Minimización de Residuos (xullo-novembro 2021), tamén na Consellería de Medio Ambiente, e, desde novembro de 2021 ata a actualidade, o posto de analista na Dirección Xeral de Simplificación Administrativa e do Patrimonio.

É licenciada en Dereito e ten formación complementaria en aplicación práctica da Lei de contratos do sector público (2021); sistema de información contable e de tesouraría (2021); xestión e control do programa operativo Feder Galicia (2021); básico de prevención de riscos laborais (2021); “Gobierno abierto y ciudadanía. Transparencia, participación, colaboración” (2022); superior sobre planificación estratéxica, xestión e comunicación no ámbito da economía pública de Galicia (2023); “Curso superior de linguaxe administrativa galega” (2022), e formación en ofimática (Word, Excel, Access, LibreOffice, sistema operativo, LibreOffice Impress e LibreOffice Writer).

### 5.10. [REDACTED]

É técnica superior da Administración local/rama económica no Concello de Lugo e funcionaria do Corpo Superior da Administración da Xunta de Galicia (A1), na que ocupou os postos de vicesecretaría xeral na Consellería de Economía e Industria (2007-2009), xefa do Servizo de Apoio Técnico e do Rexistro Xeral de Contratistas na Consellería de Facenda (2009-2011), xefa de Sección Xurídica VI na Consellería de Medio Rural, técnica de auditoría no Consello de Contas de Galicia (2012-2017) e auditora no Consello de Contas (2017 ata a actualidade).

É licenciada en Dereito e está en posesión do diploma de directivo da Xunta de Galicia.

Canto á súa formación complementaria, ten o “Curso de linguaxe administrativa galega nivel superior” (2010); “Procedemento administrativo (Leis 39/2015 e 40/2015)”; “Responsabilidade patrimonial da Administración pública” (2019); “Emprego público de Galicia, aspectos básicos da xestión de persoal” (2019); “Lei de contratos do sector público, ferramentas técnicas para a compra pública responsable nas administracións” (2017); “Alianzas estratéxicas para a xeración de valor público”

(2020); “Regulación básica e autonómica das subvencións, cadros de mando e xestión por indicadores” (2018); “Proceso de traspaso de competencias e delimitación do ámbito competencial de Galicia, Fondos europeos *Next Generation EU*” (2021); “Normas de auditoría pública, auditoría da tesourería na Administración local, auditoría da execución orzamentaria” (2020); “Auditoría da tesourería y pasivos financeiros. Patrimonio, contas de resultados” (FIASEP, 2013); “Auditoría do cumprimento da legalidade (2016); “Auditoría operativa FIASEP, fiscalización e a nova Lei de contratos do sector público, integridade institucional nas Administracións públicas” (2019); “Convenios de colaboración e as encomendas de xestión nas administracións públicas, réxime dos encargos a medios propios” (2018); experiencia e a súa aplicación práctica na fiscalización, *compliance* en las administracións públicas, a reforma do procedemento administrativo común, Administración electrónica fronte ás novas leis de procedemento administrativo, análise do Real Decreto 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades locais do sector público local (2018); análise de políticas públicas e eficacia na Administración, mecanismo de recuperación e resiliencia e os plans de prevención da fraude, a corrupción e os conflitos de intereses (2023); Taller de avaliación de políticas públicas, comunicación efectiva da actividade fiscalizadora, fiscalización das contas anuais consolidadas no ámbito do sector público local, superior Administración electrónica (2020); aplicacións informáticas para presentacións —gráficas de información (Microsoft Office, 2012), follas de cálculo (Microsoft Office, 2021), tratamento de textos (Microsoft Office), presentacións eficaces e noções básicas de GESTIONA para novos usuarios—.

No que respecta ás publicacións, ten un artigo na revista Cooperación Galega baixo o título de “Proyecto de ley de cooperativas de Galicia”; un artigo no libro do 25 aniversario do Consello de Contas de Galicia sobre a prevención da corrupción; relatora no “I Seminario xudicial sobre penas de traballo en beneficio da comunidade” (2004); relatora na mesa redonda sobre execución das penas de traballo en beneficio da comunidade (2004); relatora no “II Congreso de Cooperativismo Agrario Galego”, e Medalla Concepción Arenal pola contribución desinteresada na prevención do delito e a reinserción social.

#### 5.11. [REDACTED]

É funcionario de Administración local con habilitación de carácter nacional na que ocupou os postos de secretaría clase 2.<sup>a</sup> no Concello de Noia (2016), secretaría clase 3.<sup>a</sup> no Concello de Paredes de Nava (2017), secretaría clase 2.<sup>a</sup> no Concello de Noia

(2017), secretaría clase 3.<sup>a</sup> no Concello de Valderas (2018), secretaría clase 2.<sup>a</sup> no Concello de Noia (2018), secretaría clase 3.<sup>a</sup> na Mancomunidade Serra do Barbanza (2018), secretaría clase 3.<sup>a</sup> no Concello de Boimorto (2019), secretaría clase 3.<sup>a</sup> no Concello de Durelo (2019), intervención clase 2.<sup>a</sup> no Concello de Arzúa (2020), secretaría clase 3.<sup>a</sup> no Concello de Boimorto (2020), secretaría clase 2.<sup>a</sup> no Concello de Padrón (2022) e secretaría clase 2.<sup>a</sup> Concello de Arzua (2024).

É licenciado en Dereito e graduado en Ciencias Xurídicas e da Administración Pública.

Como formación complementaria acredita, mediante certificado, formación en elaboración de pregos de cláusulas administrativas e prescricións técnicas na Administración local (2018); superior sobre as leis 39/2015 e 40/2015 do procedemento administrativo común e do réxime xurídico do sector público (2019); recursos administrativos na nova Lei 39/2015 (2018), nova Lei de contratos do sector público na Administración local (2022), os procedementos de contratación nas entidades locais (2022); “A intervención do Consello Consultivo de Galicia na nova Lei de contratos do sector público” (2021); “Participación cidadá e transparencia no ámbito local, responsabilidade patrimonial e procedemento sancionador no ámbito local” (2018); “Organización municipal, actualidade xurídica de réxime local” (2016); “Relacións de postos de traballo na Administración local” (2017); “Réxime disciplinario en materia urbanística no ámbito local, función de control e inspección urbanística nos pequenos municipios” (2017); “Guías prácticas de exercicio da función interventora en pequenos e medianos concellos” (2018); “Intervencións administrativas en materia de urbanismo no ámbito local” (2018); “Práctico sobre responsabilidade patrimonial das entidades locais” (2018); “Réxime xurídico das subvencións das entidades locais” (2019); “Persoal laboral temporal na Administración local” (2019); “Xestión da tesouraría municipal” (2021); “Funcións dos funcionarios da Administración local con habilitación de carácter nacional” (2016); “Plans de saneamento económico financeiro e de axuste nas entidades locais” (2020); “Lei 10/2017, do 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, xestión orzamentaria en entidades locais, función consultiva do Consello Consultivo de Galicia para a Administración local” (2021); elaboración de disposicións administrativas de carácter xeral, responsabilidade patrimonial por razóns de carácter urbanístico, tramitación e xestión de expedientes de expropiación forzosa no ámbito local, fiscalización e control da actividade de entes locais, especialización para a cualificación en competencias a titores de funcionarios habilitados nacionais en prácticas, superior sobre o Plan Xeral de Contabilidade

(2023); cláusulas sociais na contratación pública (2023), competencia e dereito da Unión Europea (2023); “Seguridade da información na Administración local” (2023); “Xestión de fondos *Next Generation*” (2023); “Financiación do urbanismo en Galicia” (2023), e “Incidencia da reforma laboral nas entidades locais” (2023).

**5.12.** [REDACTED]

Funcionaria do Corpo Auxiliar (C2), do Corpo de Xestión (A2) e do Corpo Superior (A1) da Xunta de Galicia, no que foi posto base na Consellería de Cultura, Dirección Xeral Patrimonio Cultural (2011), xefa de Sección de Asuntos e procedementos xurisdicionais na Asesoría Xurídica Xeral (2011-2012), xefa de Sección de Procedemento e Arbitraje (2012 a 2014), posto base subgrupo A1 (2014) na Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, posto base subgrupo A1 na xefatura territorial da Coruña (2022) e posto base subgrupo A1 (sen que se indique o destino, desde xaneiro 2023).

Na *Agencia Europea del Medicamento* traballou como interina (2015-2016) e con contrato administrativo (2017-2018).

É licenciada en Historia e en Dereito, especialista universitaria en Comercio e Promoción Exterior (2008), técnica de Comercio Exterior (2007), e Máster en Estudos da Unión Europea (2005).

Como formación complementaria, acredita formación en lingua de signos (2024); “Inglés técnico-xurídico para o sector público” (2024); “Técnicas de xestión executiva no sector público” (2024); aplicacións informáticas de follas de cálculo OpenOffice (2013); xestión económica e acordo de formación (2013); “Sistema operativo, busca da información” (2013); aplicacións informáticas para presentacións (2013); reciclaxe da lingua inglesa (2010); procesador de textos Word básico (2010); idioma alemán Nivel Avanzado da EOI (2009); inglés título de Nivel Avanzado da EOI (2009), e francés título de Ciclo Superior de la EOI (2007)

**5.13.** [REDACTED]

É técnico de Administración xeral (A1).

Como experiencia profesional, ocupou oss posto de secretario-interventor, con carácter interino, no Concello de Condado de Treviño (2002); técnico de Administración xeral, como funcionario interino, no Concello de Sada (2003); técnico de Administración xeral adscrito á secretaría, como funcionario interino, no Concello

de Sada (2005); técnico de Administración Xeral como funcionario de carreira no Concello de Sada (2007); director xeral de Recursos Humanos no Concello de Telde (2016-2018), e técnico de Administración xeral no Concello de Sada (2018), posto que ocupa na actualidade.

É licenciado en Dereito.

Achega diferentes representacións e defensas no contencioso-administrativo.

Como formación complementaria relacionada coas funcións do posto a desenvolver achega Máster en Administración Local (2008); Máster en Estudos da Unión Europea (2001); diploma de directivo da Administración local (2014); “Resolución de conflitos” (2023); “Igualdade entre homes e mulleres” (2023); “Visión negociadora e mediadora para impulsar o acordo” (2023); “LOPD garantía dos dereitos dixitais e Regulamento europeo de protección de datos” (2023); “Procedemento de contratación pública” (2023); “Estatuto básico do emprego público” (2023); Auditor en prevención de riscos laborais” (2022), “Procedemento administrativo” (2022); “Prevención de riscos laborais” (2022), “Xestión de Recursos Humanos na Administración local” (2022); “Convenios, pactos e acordos nas administracións públicas” (2021); “Recursos administrativos na nova Lei 39/2015” (2020); “Responsabilidade patrimonial e procedemento sancionador” (2019); “Participación cidadá e transparencia no ámbito local” (2019); “Réxime Xurídico do Sector Público” (2019); “Transparencia, acceso á información e bo goberno (2019), e medidas para previr a comisión de delitos no ámbito administrativo (2019).

#### **5.14.** [REDACTED]

É funcionario do Corpo de Xestión da Xunta de Galicia (grupo A2) e do Corpo Superior da Xunta de Galicia (Grupo A-1).

É licenciado en Dereito e en Ciencias Políticas e da Administración. Está en posesión do diploma de directivo.

Na súa traxectoria profesional no ámbito da xestión económico-financeira e da contratación administrativa, ocupou os postos de xefe de Sección de Control Orzamentario e Apoio na Consellería de Economía do (1995); secretario xeral do Centro Informático para a Xestión Tributaria, Económico-Financeira e Contable (CIXTEC), do 12/03/1999 ao 17/04/2000; xefe do Servizo de Contratación do IGVS e da Consellería de Vivenda e Solo (2002), e xefe do Servizo de Apoio Técnico e

Administrativo, na xunta consultiva de contratación administrativa de Galicia desde 2015 ata a actualidade.

Canto á súa formación complementaria, realizou cursos de tramitación electrónica integral, aplicacións informáticas (2019); prevención e xestión conflitos (2015); negociación, traballo en equipo, técnicas de redacción de informes (2001); “Curso superior de Administración electrónica” (2010); superior de dereito público (2006); escola de práctica xurídica, lingua portuguesa (2020), lingua alemá, lingua inglesa e “Curso superior de linguaxe administrativa galega”. Impartiu docencia no curso “Elaboración de pregos, axilidade na contratación pública” e nas “Xornadas e-martes” (formación práctica dixital das aplicacións informáticas expedientes de contratación).

## **6. Elementos a ter en conta para valorar a idoneidade da persoa a seleccionar**

De acordo co que figura na relación de postos de traballo da institución e na convocatoria do posto, as funcións que ten que desenvolver a persoa seleccionada na Autoridade Galega de Protección da Persoa Informante son as de dirección técnica, análise, investigación, inspección e formulación de propostas de admisión ou inadmisión das comunicacións que se presenten, instrución do expediente ata a súa finalización, adopción de medidas de protección á persoa informante e, se proceder, instrución dos procedementos sancionadores polas actuacións tipificadas como infracción na Lei 2/2023.

En congruencia coas devanditas funcións, o que debe considerarse máis relevante para determinar a designación da persoa candidata é a súa formación, experiencia profesional e especialización na análise, valoración e tratamento de denuncias ou comunicacións sobre infraccións, formación e experiencia en dereito laboral e dereitos das persoas empregadas, dereitos da Unión Europea, dereito sancionador, defensa, tutela administrativa e dereitos fundamentais.

Tras a análise dos currículos presentados polas persoas solicitantes, emitiuse informe con data do 22 de xullo de 2024 polo Vicesecretario Xeral, no que en base á súa experiencia profesional, a súa formación, dedicación e especialización na emisión de informes, estudos e ditames de carácter xurídico-laboral, así como no desenvolvemento do labor investigador de alto nivel e as súas publicacións, tanto de forma individual como en coautoría de monografías, colaboracións en obras colectivas e artigos científicos en materias relacionadas coas funcións do posto de

subdirector xeral, o candidato que presenta maiores méritos é Ricardo Pedro Ron Latas.

## **7. Celebración de entrevista**

A valedora convocou ao candidato co perfil que se considerou mais adecuado e completos de acordo co informe emitido, para a realización dunha entrevista que celebrouse o 24 de xuño de 2024, na que o candidato expuxo a súa traxectoria profesional recollida no currículo presentado, en relación coas funcións do posto a cubrir.

## **8. Conclusións: mérito, capacidade e idoneidade**

Analizados os méritos e capacidades no que se refire a todos e cada un dos aspirantes ao posto, o candidato que resulta mais idóneo é Ricardo Pedro Ron Latas.

É a persoa que se considera que reúne, en maior medida que o resto dos/as solicitantes, experiencia profesional especialización e formación adecuada en relación ás funcións do posto ao que opta, polo que resulta o candidato mais idoneo para o mesmo.

O candidato é tamén a que acredita maior capacidade no sentido de aptitudes específicas para o desempeño eficaz do destino pretendido, considerando a súa traxectoria profesional e especificamente o que a significa respecto dos demais candidatos/as e todo iso a fai mais idónea para o posto.

O Sr. Ron Latas ten experiencia desde o ano 2000, impartindo docencia en materias de dereito procesual-laboral, procedemento laboral e sancionador nos graos de Dereito, Ciencias Empresariais, Ciencias Económicas e Relacións Laborais.

Ten publicados numerosos libros, artigos e colaboracións sobre a xurisdición social, o contrato de traballo, contratos para a formación, concorrència desleal en materia laboral, salarios, modificación das condicións de traballo, interinidade e períodos de proba, traballo a distancia e teletraballo, dereito procesual laboral, despedimentos, extinción do contrato de traballo, sancións laborais, cesións ilegais de traballadores, ilícitos penais, administrativos e laborais, responsabilidade penal do empresario en accidentes de traballo, responsabilidade penal nos grupos de empresa, relacións laborais especiais, flexibilidade interna, negociacións colectivas, salarios de tramitación, mediación laboral, traballadores estranxeiros, enfermidades profesionais e prestacións de Seguridade Social, o que o fan gran coñecedor do dereito

do traballo, elemento de grande importancia para a valoración e análise das comunicacións sobre infraccións obtidas nun contexto laboral ou profesional e a emisión das propostas para a resolución pola autoridade.

En materia de emprego público, ten publicacións sobre persoal estatutario ao servizo das institucións sanitarias e participou en comisións de avaliación de cursos selectivos de ingreso na función pública.

Ten experiencia como membro do Comité de Seguridade e Saúde en materia de prevención de riscos laborais e publicacións sobre responsabilidades e sancións da Lei de prevención de riscos laborais, riscos psicosociais, prestacións económicas da Seguridade Social, e protección social das vítimas de violencia de xénero, violencia de xénero desde o ámbito do traballo, e análise sobre a xurisprudencia constitucional en materia de igualdade, e dirixiu teses sobre a igualdade no traballo e o tratamento xudicial de persoas con discapacidade.

Así mesmo, ten publicacións en materia de protección de datos de carácter persoal en relación coa vixilancia dos traballadores e sobre o control da actividade laboral a través de tecnoloxías da información e a comunicación.

Respecto ao dereito comunitario, impartiu docencia en másteres e forma parte de organismos especializados no proceso de integración europea, protección dos dereitos fundamentais e de seguridade social da Unión Europea, e publicou artigos sobre dereito comparado do traballo e da Seguridade Social europeo e norteamericano, política social europea, alicerces sociais da Unión Europea e a negociación colectiva na Unión Europea.

É de especial relevancia o seu labor de forma case ininterrompida como maxistrado da Sala do Social do Tribunal Superior de Galicia desde o ano 2006, como relator de máis de catro mil catrocentas corenta e seis sentenzas sobre infraccións e sancións en materia de Seguridade Social de beneficiarios de prestacións, infraccións e sancións en materia laboral e de Seguridade Social de empresas, liberdade de expresión no ámbito das relacións de traballo, non discriminación e principio constitucional de igualdade de trato, dereito á integridade física e moral, liberdade ideolóxica e de culto, dereito á honra, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe.

Ten publicado libros en materia de independencia xudicial, recurso de suplicación, tutela xudicial efectiva e igualdade na aplicación da lei, autor de recompilacións de xurisprudencia do Tribunal Superior de Xustiza en materia social, así como docencia en cursos de formación continuada para xuíces e maxistrados sobre materias laborais

e de Seguridade Social, conferencias sobre cesión ilegal, despedimento e modificacións das condicións de traballo.

O exercicio da actividade xurisdiccional durante este dilatado período de tempo proporcionalle, sen dúbida, a experiencia práctica en garantías do dereito de defensa e valoración de indicios e probas, necesaria para apreciar indicios constitutivos dunha eventual infracción na avaliación das comunicacións sobre infraccións que se puideren presentar perante a autoridade, realizar a necesaria verificación da información recibida e o tratamento que se lle deba dar para fundamentar a admisión e o posterior trámite das mesmas ou, de ser o caso, a súa inadmisión.

Como publicacións de especial relevancia pola súa relación coas funcións outorgadas ao posto ao que opta debe destacarse o publicado en coautoría no ano 2020 sobre a protección laboral fronte ás represalias pola denuncia de irregularidades na empresa (Whistleblowing), no que se analiza a Directiva (UE) 2019/1937, as canles de denuncia, o tratamento de datos persoais nas comunicacións, os mecanismos de prevención e de protección fronte a represalias no ámbito laboral ou profesional, así como o artigo publicado en 2023, en coautoría, na Revista de Derecho Social —“sobre la Ley 2/2023, de 20 de febrero, y la protección laboral frente a las represalias por la denuncia de irregularidades en la empresa”—.

De acordo co anterior, considérase que, en base á súa formación, experiencia e especialización nas distintas materias expostas, o Sr. Ron Latas é o candidato que acredita maiores competencias e méritos de entre as persoas solicitantes para o posto de subdirector xeral con competencias na tramitación de comunicacións e protección á persoa informante, polo que, resulta o máis idóneo.

Previo sometemento á Xunta de Coordinación e Réxime Interior celebrada o día 29 de xullo de 2024, de conformidade co disposto no artigo 12.1 do Regulamento de organización e funcionamento do Valedor do Pobo,

## **RESOLVO**

Adscribir a Ricardo Pedro Ron Latas, ao posto de Subdirector Xeral da Institución.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso potestativo de reposición ante a Valedora do Pobo, no prazo dun mes, contado desde o día seguinte ao da publicación desta resolución no Diario Oficial de Galicia, ou directamente recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-

Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, contado desde a mesma data.

Santiago de Compostela, na data da sinatura.

Firmado digitalmente por	Fecha:
MARÍA DOLORES	2024.07.29
FERNANDEZ	13:28:14 +02'00'

María Dolores Fernández Galiño  
**Valedora do Pobo**